

Maruxa e Luis Seoane
Buenos Aires

Meus amigos benqueridos:

Como xa séi que tendes no voso poder retallos da Prensa do país coa nova da constitución da Fundación do Museo Carlos Maside, aforro explicacións. Agora pende o trámite da aceptación dos Patronos ou Conselleiros. Eu encarguéime da dos amigos de máis confianza (Rafael, Domingo, Ramón, Sebastián, Paco e Ricardo), e o Isaac da do resto. O vernes que ven, 9, xa teño citados a algúns deles na Notaría de Fernando Alba. Máis adiante, e dentro deste mesmo mes, citarános o Alvaro a unha xuntanza en Viveiro. Logo virá a xestión encamiñada á inscrición da Fundación no Rexistro especial. Iste lerio, como veredes, vai indo. E bó é.

O Isaac deu un "golpe" nas "Cerámicas". Por sí e diante sí nomeou unha chamada "Comisión Administrativa de Emergencia" composta polos socios con íl identificados e tres obreiros membros do Xurado da Empresa. Unha sorte ou mistura de soviets e comité de coroneles. E agora a agardar as consecuencias. Que non serán boas si os destituídos reaccionan co aparato legal ben movido. Ou, ao millor, co pasmo, calan. Ide a saber.

Tivemos a ledicia de conocer a Marucha Salgado, arxentina amiga vosa -e agora tamén nosa-, filla de ourensán e luguesa. Simpatiquísima, discretamente portefía, espresiva e, ¡que carai!, ben feita. Por amosarlle, amosámoslle a vosa torre do Paseo de Ronda. E dixémoslle que dende o seu 6º pasar, nas vosas estadias nesta cidade, enviades ao mundo destellos artísticos, acenos de amizade e avisos aos navegantes. Ao ver situada enfrente á de Hércules, Marucha apañou no áer o paralelismo como si dunha mosca se tratara. Marcha de Galicia leda coma un xilgaro.

O vello patrón, erre que erre. Non é máis que unha cañota oca e retorta, mais sigue en pe no medio da chousa. Non hai chispa que o tronce, nin raio que o fenda. Houbo, de tódolos xeitos, os seus máis e os seus menos. Máis ben menos. Nembargante, parécese intuir que a longa noite de pedra vai amolecendo.

Reparando na correspondencia atrasada atópome cunha pregunta vosa que, non séi por qué, deixéi de contestar. Refírome á vida das "Figuracións". Pois ben, meus amigos, penso que chegou o tempo das despedidas. A Prensa e a Televisión devoran inmisericordes ás súas criaturas. Mesmo ten unha colaboración longamente sostida na páxina dun xornal, que unha faciana facendo carantofías meses e meses na pantalla dun televexo. Ben séi da dór de matar unha criatura, mais entendo que non é preciso chegar á eutanasia. Abondaría, ao meu ver, con facerlle perder periodicidade e reservar a súa presenza pra sinaladas ocasións. Sería, por riba, un xeito de revitalizala. Penso eu. E remato pedíndovos que non vexades na miña opinión máis que un "leal saber y entender" correspondendo a unha pregunta que me honra e distingue, e que xa na súa formulación adiviño as vosas propias dúbidas.

Coa nosa felicitación a Maruxa polo seu espléndido galego, recibide vós os dous de nós os tres cinguidas e garimosas apertas.

Doña Rosa